

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE, E A ASOCIACIÓN PARA PROXECTOS GLOBAIS DE INSERCIÓN E INTEGRACIÓN SOCIO LABORAIS - ALAR GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO FÉNIX, DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN INTEGRAL CON MENORES AGRESORES DE VIOLENCIA DE XÉNERO, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade formalizou con data 16 de maio de 2024 o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación para Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio Laborais - Alar Galicia para o financiamento do mantemento e desenvolvemento do Proxecto Fénix, de Medidas de Intervención Integral con Menores Agresores de Violencia de xénero, enmarcado no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A entidade Alar-Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5850, desenvolve accións dirixidas a colectivos con dificultades para incorporarse á vida social normalizada, fundamentalmente con menores e con mulleres monoparentais en risco de exclusión.

Constitúe unha das súas finalidades, recollida no artigo 2 dos seus estatutos, a de deseñar e desenvolver medidas de actuación globais para a incorporación social e laboral da persoas que se atopan nos límites da marxinación e da exclusión social, entre eles, a poboación menor de idade.





A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio coa Fundación Alar Galicia para o financiamento do Proxecto Fénix o cal é unha actuación integral con menores de idade que teñen imposta unha medida xudicial, por ter cometido un delito de violencia de xénero ou calquera outro delito, pero cun perfil que dende o centro onde cumpre a medida consideran beneficioso que participe nun programa educativo de sensibilización cara a igualdade entre os sexos e contra a violencia machista.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar aos menores agresores de violencia de xénero, unha atención integral e especializada que poida contribuír á prevención de futuros casos de violencia.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que a Fundación Alar Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5850. A razón de ser da posta en marcha do Proxecto Fénix, ten como eixe vertebrador o notable aumento nos últimos anos dos casos de violencia de xénero entre os menores na nosa comunidade e no estado Español en xeral.

A entidade Alar Galicia desenvolverá o Proxecto Fénix que consiste nunha actuación integral con menores que exercen violencia de xénero coas súas parellas ou ex-parellas, así como con aqueles que manifesten condutas machistas no seu entorno máis próximo.

Alar Galicia poderá levar a cabo o proxecto Fénix en todo o territorio galego para dar resposta directa e inmediata ás demandas das fiscalías e xuíces preferentemente, de menores con cargos penais que exercen ou exerceron violencia de xénero coas súas parellas ou ex-parellas, así como a intervención en centros de menores e os CIEMAS.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

